

## **BASES DO CONCURSO DE MONÓLOGOS DA CASA DA CASA DA XUVENTUDE NO PERÍODO DE CONFINAMENTO**

### **OBXECTO**

A Casa da Xuventude - Concello de Lugo pon en marcha un certame de monólogos para a mocidade de Lugo. O concurso busca aproveitar a experiencia excepcional do confinamento que viven os rapaces e rapazas actualmente.

Ten, polo tanto, como obxectivo, promover, entre os mozos e mozas, a creatividade, imaxinación e novos quefaceres neste período de confinamento ao que a cidadanía nos vimos abocados tras a declaración do Estado de Alarma como medida de loita contra a expansión do COVID-19. O que se pretende co certame é animar á poboación xuvenil e dar opcións para que aproveiten as horas na casa realizando actividades que lles gusten ao tempo que desenvolven dotes artísticas.

### **CARACTERÍSTICAS**

O certame de monólogos está aberto a mozas e mozos de 14 a 35 anos empadroados en Lugo, que estuden ou traballen no municipio. Non poderán participar monologuistas profesionais.

Cada persoa participante poderá concorrer cun único traballo por cada modalidade.

### **REQUISITOS DOS TRABALLOS PARTICIPANTES**

Os textos deben ser orixinais e inéditos, sen restriccións en canto a temas pero valorarase positivamente que se inclúan temática sobre mocidade e emprego, emancipación, estudos, etc; e o texto, en galego.

Excluiranse aqueles traballos que inciten ao consumo de drogas ou que teñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas ou de índole ofensiva. No caso contrario, poderase excluir o monólogo do concurso.

monólogo no deberá superar os 10 minutos de representación nin ser inferior a 4 minutos.

### **PRESENTACIÓN E PRAZO**

Debe subirse o vídeo do monólogo a [www.youtube.com](http://www.youtube.com) co nome Concurso de monólogos no confinamento Casa da Xuventude Lugo + título da obra. O vídeo debe levar o logotipo da Concellería de Muller, Igualdade e Xuventude (que pode descargarse en [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal), na noticia que fai referencia a este certame). O enlace deste vídeo, que se compartirá nas redes sociais da Casa da Xuventude, debe enviarse ao enderezo



electrónico xuventude@lugo.gal; poñendo en Asunto: Concurso de monólogos e o título da obra.

Nun arquivo adxunto neste correo deberá figurar nome, apelidos, idade, teléfono de contacto, dirección postal, centro no que está matriculado ou lugar de traballo. No caso de ser menor de idade deberá vir adxunta autorización do pai, nai, titor ou titora legal.

Dito correo debe enviarse antes das 21:00 horas do domingo, 10 de maio. A correcta recepción deberá ser confirmada á persoa interesada a través de correo electrónico antes do cumprimento do prazo de presentación. De non ser así, o Concello non asume ningunha responsabilidade por posibles confusións.

#### PREMIOS

Outorgarase un primeiro premio, un segundo premio e un terceiro premio, que se basearán ambos os tres en experiencias de aventura adecuadas á idade do gañador ou gañadora.

#### XURADO CALIFICADOR

O fallo do xurado valorará criterios de orixinalidade, interpretación e duración e adecuación do monólogo ao establecido nestas bases. Estará formado por 3 membros do eido cultural e artístico lúxense.

O fallo do xurado emitirase antes do verán e a entrega de premios anunciarase oportunamente.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo.

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo e as e os autores darán consentimento para poder difundilos ou divulgalo.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que serán publicadas en [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal) será resolta pola organización.

